



Información- AXUDAS DE LIBROS DE TEXTO Cursos 1º e 2º de E.P.

Estimadas familias:

No **DIARIO OFICIAL DE GALICIA** do xoves 20 de maio de 2021 publicouse a Orde *pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto para os alumnos matriculados en 1º e 2º educación primaria no curso escolar 2021-22*

Os requisitos para poder solicitar esta axuda son os seguintes :

- Estar matriculado en 1º e 2º de Educación Primaria durante o curso 2021-22
- Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 10.000 € no importe sobre a renda do ano 2019.
- A renda da unidade familiar será o resultado de sumar as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de calquera natureza.. Na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas no exercicio fiscal 2019, sumaranse a base imponible xeral (**recadro 435**) e a base imponible do aforro (**recadro 460**); cando non se presentase, teranse en conta os ingresos de acordo cos datos tributarios facilitados, no certificado de imputacións de renda, pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Cuantía das axudas

- **Para alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 euros**
210€ euros para os libros de texto.
- **Para alumnado con renda per cápita familiar entre 6000 e igual ou inferior a 10.000euros.**
140€ para os libros de texto

Lugar e prazo de presentación de solicitudes :

- As solicitudes, según o anexo I a esta orde, enviámolas a través dos nenos-as a cada familia.
- Poden cubrirse directamente na Sede Electronica da Xunta de Galicia, **NESTE CASO SERÁ UNHA SOLICITUDE POR ALUMNO, NO FORMULARIO NORMALIZADO (ANEXO I), na aplicación informática FONDOLIBROS, (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>), A TRAVÉS DE CHAVE 365, DNI ELECTRÓNICO ou CERTIFICADO DIXITAL**
- Se a solicitude se entrega no CEIP, **PARA OS IRMÁNS ESCOLARIZADOS NO MESMO CENTRO CÚBRESE UNHA ÚNICA SOLICITUDE.**
- **SE PRESENTADES AS SOLICITUDES NO CENTRO EDUCATIVO, facédeo ANTES DO 20 DE XUÑO de 2021. Se presentades na SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA, o prazo será ata o 20 de xuño incluído.**
- **Para as familias que decidan presentar as solicitudes no colexio, PODEDES ENVIAR A SOLICITUDE CUBERTA E ASINADA, MAILA DOCUMENTACIÓN NECESARIA, POLOS NENOS-AS. SE PREFERIDES ENTREGAR VÓS TODO, CONTACTADE COA DIRECTORA A TRAVÉS DO TELÉFONO DO CEIP PARA DESIGNAR DÍA E HORA NO QUE PODEDES ACHEGAR TODO ANTES DO 20 DE XUÑO.**

Documentación Xunto coa solicitude, presentárase a seguinte documentación :

a) Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).

b) Copia do libro de familia ou documento equivalente, onde figure o alumno e os demais membros computables da unidade familiar.

En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.

E, se é o caso:

- c) Certificado do grao de discapacidade do/da alumno/a ou de calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
- d) Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar, en calquera das formas que enumera o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- e) Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- f) Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- g) Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.

AXUDA PARA MATERIAL ESCOLAR (50 euros)

Para alumnado de Educación Primaria con renda familiar igual ou inferior a **6.000 euros**.

Venres, 21 de maio 2021
A Directora